



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 16 de xaneiro de 2026

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezaseis de xaneiro de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(20).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 9 de xaneiro de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(21).-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (TACGAL), RECAÍDA NO RECURSO INTERPOSTO NA CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE SOPORTE DUN SISTEMA DE AUTOMATIZACIÓN DE PROCESOS MEDIANTE TECNOLOXÍAS RPA. EXPTE. 10731/113.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/01/2026, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2026 14:54	Páxina 1 de 90
2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026	CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1º Tomar razón da Resolución nº 2/2026 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 258/2025, interposto interposto por por COREMAIN SLU contra a súa exclusión da contratación dun servizo de soporte dun sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA, expediente 10731/113 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Desestimar o recurso interposto por COREMAIN SLU contra a súa exclusión da contratación dun servizo de soporte dun sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA, expediente 10731/113 do Concello de Vigo.
2. Levantar a suspensión acordada no seu día.
3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º- Dar traslado a Area de Contratación e Novos Proxectos para a a continuación da tramitación do expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(22).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA E CONTROL DA EXECUCIÓN DAS OBRAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2294/441.

Visto o informe de fiscalización de data 13/01/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 08/01/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección facultativa e control da execución das obras promovidas polo Concello de Vigo (2294-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 2 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección facultativa e control da execución das obras promovidas polo Concello de Vigo (2294-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 18 de xullo de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do servizo de "ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA E CONTROL DA EXECUCIÓN DAS OBRAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE VIGO, cun orzamento orzamento base de licitación ascende a un total de CINCOCENTOS VINTE MIL SETENTA E UN EUROS con CINCUENTA E CINCO" (520.071,55 €), segundo a distribución de lotes proposta:

	LOTE 1	LOTE 2	TOTAL
Importe máximo sen IVE	371,616.00 €	58,195.20 €	429,811.20 €
IVE 21%	78.039,36 €	12.220,99 €	90,260.35 €
TOTAL	449,655.36 €	70,416.19 €	520,071.55 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola enxeñeira de camiños, canais e portos e polo xefe de Área de Servizos Xerais o día 23.05.2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola xefa do Servizo de Contratación o día 17.06.2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532.227.06.02 (ASISTENCIAS DE TRABALLOS TÉCNICOS) por importe de 86.678,591 € e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais dos exercicios 2026 e 2027, na aplicación orzamentaria 1532.227.06.02 crédito por importe de 260.035,78 € e 173.357,18 € respectivamente , coa seguinte distribución:

	LOTE 1	LOTE 2	TOTAL
2025	74,942.56 €	11,736.03 €	86,678.59 €
2026	224,827.68 €	35,208.10 €	260,035.78 €
2027	149,885.12 €	23,472.06 €	173,357.18 €
TOTAL	449,655.36 €	70,416.19 €	520,071.55 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 3 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 18 de decembro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección facultativa e control da execución das obras promovidas polo Concello de Vigo (2294-441) na seguinte orde descendente:

- Lote 1

	Licitador	Puntuación total
1	GALAICONTROL, SL	87.85

- Lote 2

	Licitador	Puntuación total
1	GALAICONTROL, SL	85.15

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GALAICONTROL, SL (Lotes 1 e 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP)
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GALAICONTROL, SL (Lotes 1 e 2), o día 18 de decembro de 2025, que presenta a documentación requirida o 22 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figuran a constitución da mercantil, o seu obxecto social e os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA
- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante (onde figura o obxecto social) e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira, tendo en conta que, dos dous lotes dos que é adxudicataria, a solvencia de maior importe é a do lote 1 (157.379,38 €),



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2026 14:54	Páxina 4 de 90
2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026	CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.

- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que, dos dous lotes dos que é adxudicataria, a solvencia de maior importe é a do lote 1 (157.379,38 €) presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Seguros de caución por importes de 18.580,80 € (Lote 1) e de 2.909,76 € (Lote 2) que cobren as garantías definitivas requiridas, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 8 de xaneiro de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GALAICONTROL, SL (Lotes 1 e 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GALAICONTROL, SL (Lotes 1 e 2), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor, de data 18 de novembro e co acordo da Mesa de Contratación, de data 18 de decembro de 2025, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliábeis a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 5 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Adxudicar a GALAICONTROL, SL o lote 1 do procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección facultativa e control da execución das obras promovidas polo Concello de Vigo (2294-441) por un prezo total do contrato de 449.655,36 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 78.039,36 euros. coas seguintes condicións:

- a) Para o lote 1, a porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP é do 0,16 %.

Segundo.- Adxudicar a GALAICONTROL, SL o lote 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección facultativa e control da execución das obras promovidas polo Concello de Vigo (2294-441) por un prezo total do contrato de 70.416,19 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.220,99 euros. coas seguintes condicións:

- b) Para o lote 2, a porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP é do 0,07 %.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(23).-SEGUNDO PAGO DAS DIETAS ESTABLECIDAS POR ASISTENCIAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO: SETEMBRO A DECEMBRO DE 2025. EXPTE. 98552/332.

Visto o informe de fiscalización de data 09/01/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 22/12/2026, asinado polo técnico medio de actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOMLOE publicada no BOE N° 340 do 30/12/2020), preténdese no seo dos Consellos Escolares promover unha mellora da capacidade da participación efectiva e eficaz da Comunidade Educativa e recóllese no seu artigo 127.i) que unha das competencias do Consello Escolar do centro pasa a ser a seguinte: “Promover progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar para a mellora da calidade e sustentabilidade ...”. Igualmente os Concellos deben asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente, recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación, e segundo o artigo 25.2.n) da Lei 7/1985 LRBRL teñen como competencia propia e responsabilidade legal a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2026 14:54	Páxina 6 de 90
2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026	CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación ...”

Por outra banda, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/décembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que compoñen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro.

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 20 de decembro de 2024, aprobouse entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria para o ano 2025 (Expte 98552/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos B (Subgrupo A2) e C (Subgrupo C1); e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos D (Subgrupo C2) e E; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que: “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o 01 de setembro ate o 18 de decembro dos correntes, elévanse á cantidade de 140 consellos escolares.

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2026 14:54	Páxina 7 de 90
2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026	CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

A competencia para acordar o pago das dietas establecidas por asistencias dos representantes municipais ás sesións dos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, no periodo setembro a decembro de 2025, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

PROPOSTA:

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de **5.498,82.-€** en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no periodo setembro a decembro de 2025, con cargo á **Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares e bolsa de vinculación**, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: ***0480**, GRUPO A2
(03/09/2025 - 15/12/2025) 16 X 39,78.-€ 636,48.-€

Zona 2.- VÍCTOR MARTÍNEZ OYA, NIF: ***8479**, GRUPO C1
(01/09/2025 - 16/12/2025) 14 X 39,78.-€ 556,92.-€

Zona 3.- VANESA RODRÍGUEZ PÉREZ, NIF: ***2479**, GRUPO C1
(09/09/2025 - 11/12/2025) 10 X 39,78.-€ 397,8.-€

Zona 4.- ROCÍO BRUZON ALCANIZ, NIF: ***5864**, GRUPO C1
(05/09/2025 - 25/11/2025) 14 X 39,78.-€ 556,92.-
€

Zona 5.- ÁNGELES LANDÍN LORENZO, NIF: ***9165**, GRUPO C1
(05/09/2025 - 18/12/2025) 16 X 39,78.-€ 636,48.-
€

Zona 6.- MARIA RITA RIELO FRANCO, NIF: ***6707**, GRUPO C1
(05/09/2025 - 12/11/2025) 9 X 39,78.-€ 358,02.-€

Zona 7.- YOLANDA FAJIN TORRES, NIF: ***9755**, GRUPO A2
(04/11/2025 - 04/11/2025) 1 X 39,78.-€ 39,78.-€

Zona 8.- ESTELA ROSENDE VILLAR, NIF: ***6911**, GRUPO A2
(01/09/2025 - 28/11/2025) 9 X 39,78.-€ 358,02.-€

Zona 10.- JOSÉ ANTONIO FRANCO REZA, NIF: ***9778**, GRUPO C2



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 8 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

(05/09/2025 - 27/10/2025) 11 X 36,72.-€ 403,92.-€

Zona 11.- NURIA MÉNDEZ LEMA, NIF: ***1656**, GRUPO C1
(02/09/2025 - 03/12/2025) 11 X 39,78.-€ 437,58.-€

Zona 12.- FERNANDO GONZÁLEZ NÚÑEZ, NIF: ***5678**, GRUPO C2
(05/09/2025 - 25/11/2025) 12 X 36,72.-€ 440,64.-€

Zona 13.- ANTÍA MOSQUERA GONZÁLEZ, NIF: ***5912**, GRUPO C1
(02/09/2025 - 14/10/2025) 7 X 39,78.-€ 278,46.-€

Zona 14.- BEGOÑA CABAILEIRO VILLANUEVA, NIF: ***2375**, GRUPO C1
(15/09/2025 - 11/12/2025) 10 X 39,78.-€ 397,8.-€

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(24).-RESOLUCIÓN DO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO CONTRA A ACORDO DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE 7 PRAZAS DE CONDUTOR/A-BOMBEIRO/A, QUENDA LIBRE: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) 2020-2021-2022. EXPTE. 45411/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/01/2026, asinado polo presidente e a secretaria do tribunal do proceso selectivo para a provisión de 7 prazas de condutor/a-bombeiro/a, por quenda libre, que di o seguinte:

De conformidade co punto III da acta nº 47 da sesión do órgano de selección celebrada o 17 de decembro de 2025, na que se adoptou acordo en relación co recurso de alzada presentado polo aspirante D. José Giráldez Otero (***8211**) contra o acordo do órgano de selección adoptado na sesión celebrada o día 28 de agosto de 2025 desestimatorio da súa reclamación contra resultado das probas físicas (espacio confinado), elévase á Xunta de Goberno Local o seguinte informe-proposta:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Constitución Española (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2026 14:54	Páxina 9 de 90
2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026	CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- En data 28 de agosto do 2025, o órgano de selección acordou desestimar a reclamación presentada en documento documento nº 250172290 polo aspirante D. José Giráldez Otero (**8211**) contra resultados do segundo exercicio – probas físicas (espazo confinado) do proceso selectivo de condutor-a bombeiro-a, en quenda libre, incluídas na primeira fase da OEP dos anos 2020-2021 e 2022.

O anterior acordo foi notificado o 02/09/2025, como consta no xustificante de recepción unido ao expediente.

Segundo.- En data 03/09/2025 o aspirante D. José Giráldez Otero (**8211**) interpuxo recurso de alzada contra o anterior acordo (nº documento 250236000 – trámite 729 do expediente administrativo), solicitando que se declare nula a proba e se ordene a súa repetición, en condicións homoxéneas, con posta a disposición do expediente administrativo íntegro.

Subsidiariamente, solicita proceder á revisión das calificacións.

Terceiro.- En data 16/10/2025 publicouse anuncio sobre a interposición do recurso de alzada, concedendo ás persoas interesadas un prazo de 10 días para a presentación de alegacións, de conformidade co disposto no artigo 118.2 da LPACAP. Durante o citado prazo non foi presentada ningunha alegación.

Cuarto.- En comparecencia de data 04/12/2025, foi posto de manifesto ao aspirante o expediente electrónico do proceso selectivo para o seu acceso nos termos interesados, co resultado que se recolleu na Dilixencia de Constancia de Feitos unida ao expediente.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Primeira.- Sobre o recurso de alzada. O artigo 121 da Lei 39/2015 establece en relación ao recurso de alzada que:

“Obxecto.

1. As resolucións e os actos a que se refire o artigo 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser impugnados en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.

Para estes efectos, os tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outro que, no seo destas, actúe con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano a que estean adscritos ou, na súa falta, do que fixese o nomeamento do seu presidente.

2. O recurso poderase interpor ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.

Se o recurso se interpuxese ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.

O titular do órgano que ditou o acto impugnado será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior.”



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 10 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

Segunda.- Concorrenca dos requisitos de admisión do recurso. Concorren os requisitos de competencia, lexitimación e prazo, polo que procede admitir a trámite o recurso de alzada interposto.

Terceira.- Análise das alegacións nas que se basea o recurso.

3.1.- O argumento central do recurso de alzada radica na consideración de trato desigual entre opositores polo feito de modificar o órgano de selección, para cada aspirante, a posición do boneco de trapa de dimensións humanas de adulto obxecto de rescate.

Subsidiariamente, alégase o excesivo nivel técnico esixible dos/as aspirantes para realizar o rescate. O motivo descomponse nun dobre reproche, i) por resultar unha proba discriminatória favorable a aspirantes con experiencia profesional e ii) por falta de especificación das condicións de execución nas bases da convocatoria.

3.2.- A base 2º.1.3 das específicas da convocatoria (BOP n.º 169 do 30/08/2024) dispuxo:

2º.1.3.- Espazo confinado:

Lugar/terreo: Será definido polo tribunal a través da Área de Recursos Humanos do Concello.

Material: E.P.I. de intervención nivel 1.

Desenvolvemento.-

O executante fará un recorrido nun espazo confinado de entre 30 e 40 m³ sen visibilidade, no que deberá entrar, localizar unha vítima/boneco e trasladalo fora. A vítima boneco terá un peso de 48kg para mulleres e 60 kg para homes.

Regras.-

O executante entrará ao labirinto por unha porta de acceso e deberá saír por outra distinta, de saída. Non poderá desprenderse durante toda a execución da proba, de ningún dos elementos que configuran o EPI.

Deberá executar as accións que no seu caso propoña o tribunal, que serán as mesmas para todas as persoas aspirantes.

Intentos.-

Un só intento. Haberá un tempo máximo de execución de 6 minutos, se a persoa executante non remata o exercicio darase como non apta.

Valoración da proba.- Cualificarase como apto ou non apto.

3.3.- Conforme ás bases da convocatoria e ás indicacións que para a realización da proba se deron polo órgano de selección por igual a todas as persoas aspirantes, o interesado, dotado do correspondente equipo de protección individual, realizou o seu intento en condicións técnica e

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2026 14:54	Páxina 11 de 90
2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026	CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

legalmente idénticas ás das demais persoas concorrentes, sobre un espazo confinado único posto a disposición do órgano de selección pola Administración convocante.

A identidade das maniobras para todas as persoas aspirantes (accións, nos termos das bases da convocatoria) dedúcese con toda naturalidade e de forma incontrovertible do feito de terse esixido e desenvolto no mesmo espazo físico, durante o mesmo tempo e con todos os elementos en número e calidade do mobiliario que interfería a pronta localización da vítima imaxinaria, en circunstancias de nula visibilidade.

Todas as persoas aspirantes entraron pola mesma porta, con indicación recordatoria da obriga de utilizar a outra porta habilitada para a saída.

O percorrido de rescate comenza diante da porta de acceso, pechada e en condicións de nula visibilidade. Dirixir a búsqueda nunha orientación ou noutra é cuestión atinxente á planificación de execución prevista por cada interesado/a. O tempo de execución dependerá, a súa vez, da súa facultade de pensar e recoñecer con prontitude e facilidade os distintos obxectos dispostos, da súa capacidade de orientación, da súa memoria operativa, do control de situacións estresantes, etc.

En tales circunstancias, nada compromete a igualdade substancial de execución do exercicio: visión exterior do colector e suposta comunicación entre aspirantes.

En base ao exposto, non cabe apreciar ningunha infracción dos principios de igualdade, mérito e capacidade (artigos 23.2 da Constitución e 55.1 do TREBEP) nin das bases da convocatoria.

3.4.- O segundo motivo, subsidiario, tampouco pode ser atendido.

Baste para alcanzar tal conclusión con reparar en que se o interesado, á vista da publicación das bases da convocatoria en que tomou parte, considerou que eran discriminatorias e escuras en relación co contido preceptivo do exercicio considerado (segundo exercicio- probas de aptitude física), tería que ter interposto os correspondentes recursos contra as mesmas.

Polo demais, a execución da proba polo órgano de selección axustouse estrictamente á correspondente base da convocatoria, e o seu contido preceptivo resultou facilmente asequible para todas as persoas aspirantes con aptitude para tomar parte no proceso selectivo, sen ningunha controversia.

Considerar discriminatoria unha proba co único fundamento da maior preparación dos/as aspirantes con experiencia profesional específica, é un argumento carente de toda consistencia xurídica, é ilóxico de raíz con tal de reparar no sistema de selección (concurso-oposición).

3.5.- En mérito da motivación que antecede, procede desestimar el recurso de alzada interposto.

Cuarto.- Competencia. Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do presente recurso de alzada.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 12 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

Primeiro.- Desestimar o recurso de alzada interposto por D. José Giráldez Otero (***8211**) contra acordo do órgano de selección do 28/08/2025, desestimatorio da súa reclamación contra resultados do segundo exercicio (probas de aptitude física- espazo confinado) do proceso selectivo para a provisión de sete prazas de condutor-a bombeiro-a, en quenda libre, incluídas na primeira fase da OEP dos anos 2020-2021 e 2022, en base ás consideracións xurídicas expostas.

Segundo.- Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións dispostos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(25).-RESOLUCIÓN DO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO CONTRA ACORDO DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE 23 PRAZAS DE BOMBEIRO/A, QUENDA LIBRE: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) 2020-2021-2022. EXPTE. 45410/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/01/2026, asinado polo presidente e a secretaria do tribunal do proceso selectivo para a provisión de 23 prazas de bombeiro/a, por quenda libre, que di o seguinte:

De conformidade co indicado no punto primeiro da acta nº 28 da sesión que tivo lugar o 17/12/2025 no proceso selectivo para a provisión de vinte e tres (23) prazas de bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021 e 2022, 1ª Fase da convocatoria (BOE nº 223 de 14.09.2024), elévase á Xunta de Goberno Local o seguinte informe-proposta en relación ao acordo adoptado polo órgano de selección no recurso de alzada interposto polo aspirante D. Samuel Martínez Fernández (documento nº 250220645).

INFORME-PROPOSTA Desestimación Recurso de alzada.

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Constitución Española do 6 de decembro de 1978 (CE).
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público(TREBEP)
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Bases xerais e específicas reguladoras deste proceso selectivo publicadas no BOPPO nº 107

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 13 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

de 3 de xuño de 2024.

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o 19 de xaneiro de 2024 aprobou a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2020 2021 e 2022 (1ª fase) integradas polas prazas seguintes: sarxento/a extinción de incendios (quenda de promoción interna); bombeiro/a (quenda libre) e condutor-bombeiro/a (quenda libre), e aprobou as bases xerais destes procesos selectivos e as bases específicas correspondentes ás prazas e postos que configuran a 1ª fase desta Oferta Pública de Emprego.

O luns 3 de xuño de 2024 no BOPPO nº 107 son obxecto da correspondente publicación.

Segundo.- Na Acta nº 15 do órgano avaliador do proceso selectivo recollese o relato dos feitos acontecidos o día 3 de xullo de 2025 na realización das probas de equilibrio e espazo confinado.

“Os opositores quedarán confinados nun espazo do Parque Central de Bombeiros, non podendo abandonar o recinto nin comunicarse co exterior, salvo a través do órgano de selección.

Soamente poderán abandonar o espazo habilitado de espera, coas súas pertencencias, unha vez realizadas as probas de equilibrio e espazo confinado.

O presidente comunica a tódolos aspirantes que deben entregar tódolos dispositivos electrónicos e mochilas que os conteñan.

Esta advertencia reitérase ás 10.00 horas ao advertir a existencia de aspirantes con reloxos intelixentes, que son retirados polo vogal, David Lemos.

A secretaria comunica que, dende ese momento, quen sexa visto cun dispositivo electrónico de calquera tipo, será inmediatamente expulsado e non poderá presentarse ás probas.

Arredor das 11.00 horas, o aspirante, D. Martínez Fernández, S., entrega á secretaria unha mochila e declara que contén un teléfono móbil.

A secretaria lle explica que avisouse tres veces que ningún aspirante podía ter ningún dispositivo electrónico e, que de telo, sería expulsado. O aspirante di que non enterouse até ese momento, e por iso é agora cando entrega a mochila.

Consultado co órgano de selección, a secretaria comunica a D. Martínez Fernández, S. Que é eliminado da lista de aspirantes por contravir as normas comunicadas verbalmente, reiteradamente en tres ocasións, por varios membros do tribunal de selección.

Posuír este dispositivo podería conlevar unha vantaxe respecto aos restantes aspirantes posto que alguén, que xa houbera realizado a proba de espazo confinado, púdolle dar datos desta, o que contravén os principios de igualdade, mérito e capacidade que rexen todo proceso de selección”

Terceiro.- Con datas 4/07/2025 e 14/07/2025 o aspirante Samuel Martínez Fernández presentou alegacións nos documentos documento nº 250177734 e nº 250183874 que se resolveron polo Tribunal como de seguido se transcribe:

Documento nº 250177734

O aspirante relata que comparece no prazo de tres días hábiles dende a comunicación oral da expulsión do proceso selectivo para formular alegacións de conformidade coa Base Xeral décimo oitava da convocatoria.

O aspirante indica que o excluíron por comunicación oral pola Secretaria do proceso selectivo de bombeiros por portar unha mochila con teléfono móbil durante a realización do exercicio.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 14 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

O reclamante realiza o seguinte relatos dos feitos:

“Como los días anteriores, al comienzo del ejercicio, nos apelotonamos todos en la puerta esperando a ser llamados para identificarnos.

En este momento, no se escucha salvo que estás en la parte delantera del grupo, y conforme éste va avanzando ya es posible escuchar el llamamiento.

Como sabemos más o menos el orden de llamada, y sabiendo que soy de los últimos, yo me coloco en la parte trasera.

En el momento de identificarme porto conmigo una mochila que contiene todos mis enseres incluido el móvil. Me identifico y paso al lugar de la realización del ejercicio, sin que en ningún momento me avise nadie del Tribunal que no la puedo llevar.

La entrada consta de un espacio totalmente abierto, al fondo la zona del examen (donde teóricamente deberían estar las mochilas) y luego, la salida por otro lugar para evitar la comunicación entre opositores.

Yo entro, sé que voy a tardar al menos cuatro horas en realizar la prueba y de nuevo, me quedo en la parte trasera del grupo, apoyo mi mochila ahí mismo en la pared y me quedo a esperar.

Sobre las 11:20 h de la mañana, habiendo estado unas dos horas con mi mochila al lado, a la vista de todos y sin ánimo de realizar trampa alguna, un opositor se dirige a mí y me avisa que me dijeron que no podía tener las cosas aquí.

En ese mismo momento, voluntariamente me acerco al Tribunal para indicarles que tenía la mochila y el móvil conmigo y que no me había enterado de que hubiese que dejar las mochilas en otro sitio para saber donde las tengo que depositar.

A continuación soy descalificado”

As alegacións que realiza no seu favor se transcriben de seguido:

“Entiendo que podría imputarse a una falta de negligencia por mi parte por no escuchar las indicaciones pero el espacio abierto, limitado por paredes y estrecho no me lo permitió, no siendo el único que no escuchó las indicaciones de boca de la Secretaria, si no por el boca a boca de otros compañeros opositores.

Muchos de ellos se enteraron por sus compañeros, pero yo que preparo la oposición al margen de las academias y voy “por libre” no fui avisado por nadie del Tribunal hasta que transcurrido parte de un ejercicio me avisó un compañero y acto seguido me dirigí voluntariamente al Tribunal.

Entiendo que una instrucción que impide mi continuación del proceso selectivo y por tanto el acceso al empleo público debería estar indicada en las Base de la Convocatoria, o en publicación del anuncio que el Tribunal hace del ejercicio (como hicieron en el anuncio del ejercicio anterior) y no ser comunicada momentos antes cuando las condiciones del lugar no aseguran la publicidad de la instrucción a todos los opositores.

Indicar que además, se ha vulnerado el principio de igualdad, ya que después de la identificación, hubo tres opositores que portaban Smart watch y a ellos sí les dieron la oportunidad de dejarlos en el lugar adecuado y a mí no.

Entiendo que las circunstancias concurrentes en mi caso hacen que la decisión adoptada sea desproporcionada”

Solicita que se lle readmita ao proceso e se lle permita facer as probas restantes: equilibrio en altura, e espacio confinado, ademais de natación. Ao amparo do artigo 56 da Lei 56 39/2015 solicita a suspensión das probas físicas en tanto non se resuelva a súa reclamación para evitar un perxuízo de imposible reparación .

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 15 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Documento nº 250183874

Solicita ser readmitido no procedemento por considerar que non se lle facilitou o acceso ao emprego público, existindo solucións posibles menos prexudiciais. Resalta a falla de resolución da reclamación anterior presentada en prazo así como as consecuencias persoais de ser expulsado tras o traballo realizado e sen recibir unha xustificación formal.

Motivación do acordo:

O Tribunal reitérase no relato de feitos recollidos na Acta nº 15: Probas de aptitude física. 5ª Proba: Equilibrio en Altura, 6ª Proba : Espacio Confinado que tiveron lugar o día 3 de xullo de 2025 e que se transcribe literalmente a continuación:

“As probas non son públicas por motivos de seguridade e restrición de espazo.

Os opositores quedarán confinados nun espazo do Parque Central de Bombeiros, non podendo abandonar o recinto nin comunicarse co exterior, salvo a través do órgano de selección. Soamente poderán abandonar o espazo habilitado de espera, coas súas pertencencias, unha vez realizadas as probas de equilibrio e espazo confinado.

O presidente comunica a tódolos aspirantes que deben entregar tódolos dispositivos electrónicos e mochilas que os conteñan.

Esta advertencia reitérase ás 10.00 horas ao advertir a existencia de aspirantes con reloxos intelixentes, que son retirados polo vogal, David Lemos.

A secretaria comunica que, dende ese momento, quen sexa visto cun dispositivo electrónico de calquera tipo, será inmediatamente expulsado e non poderá presentarse ás probas.

Arredor das 11.00 horas, o aspirante, D. Martínez Fernández, S., entrega á secretaria unha mochila e declara que contén un teléfono móbil.

A secretaria lle explica que avisouse tres veces que ningún aspirante podía ter ningún dispositivo electrónico e, que de telo, sería expulsado. O aspirante di que non enterouse até ese momento, e por iso é agora cando entrega a mochila.

Consultado co órgano de selección, a secretaria comunica a D. Martínez Fernández, S. Que é eliminado da lista de aspirantes por contravir as normas comunicadas verbalmente, reiteradamente en tres ocasións, por varios membros do tribunal de selección.

Posuír este dispositivo podería conlevar unha vantaxe respecto aos restantes aspirantes posto que alguén, que xa houbera realizado a proba de espazo confinado, púdolle dar datos desta, o que contravén os principios de igualdade, mérito e capacidade que rexen todo proceso de selección.”

Acordo:

*Polo exposto con anterioridade o tribunal, por unanimidade, **acorda desestimar** as reclamacións do aspirante Samuel Martinez Fernández .*

Cuarto.- Con data 13/08/2025 D. Samuel Martinez Fernández presenta recurso de alzada documento nº 250220645 no que solicita se admita o recurso e se revoque a decisión tomada



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 16 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

con retroacción das actuacións ao momento no que se lle expulsou ou permitíndolle a realización dos exercicios para ser ubicado na posición que lle corresponde.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O artigo 121 da Lei 39/2015 establece en relación ao recurso de alzada que:

“Obxecto.

1. As resolucións e os actos a que se refire o artigo 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser impugnados en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.

Para estes efectos, os tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outro que, no seo destas, actúe con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano a que estean adscritos ou, na súa falta, do que fixese o nomeamento do seu presidente.

2. O recurso poderase interpor ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.

Se o recurso se interpuxese ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.

O titular do órgano que ditou o acto impugnado será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior.”

Segundo.- Concorren os requisitos de competencia, lexitimación e prazo, polo que procede admitir a trámite o recurso de alzada interposto.

Terceiro.- O recorrente en alzada alega os mesmos motivos de impugnación xa expostos na súa reclamación previa sen desvirtuar en modo algún fundamentos que levaron a este órgano de selección á desestimación da súa reclamación.

Neste sentido é de ter en conta que o artigo 112 da Lei 39/2015, que sinala os principios xerais dos recursos administrativos, establece no seu número 1 que:

“Contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, os interesados poderán interpor os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta lei.

A oposición aos restantes actos de trámite poderá ser alegada polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.”

O recorrente no seu recurso de alzada non sinala en cal dos motivos de nulidade ou anulabilidade dos previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015 basea os seu recurso, non entanto, para maior fundamentación da resolución do recurso imos entrar no fondo do asunto.

Cuarto.- Os artigos 23.2 e 103.3 da CE garantiza o dereito dos cidadáns a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, de acordo cos principios de mérito e capacidade. Pola súa parte o artigo 55 do TREBEP establece que os procesos selectivos desenvolvanse con obxectividade e transparencia o que implica necesariamente dotar aos Tribunais

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 17 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

cualificadores da competencia para adoptar as medidas necesarias para garantir o correcto desenvolvemento das probas.

Deste modo a Base 18ª das xerais reguladoras do proceso “ incidencias” establece:

“O órgano de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para garantir a transparencia da selección, procurando na medida do posible o anonimato das persoas aspirantes, durante a realización e corrección das probas selectivas.

Así mesmo, o órgano de selección poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos a aquelas persoas aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta nos exercicios das probas selectivas”

Conforme a esta atribución, o órgano cualificador ostenta a potestade de autoorganización para garantir o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, resultando plenamente lexítimo que se impartan instrucións orais de carácter organizativo ou loxístico, sempre que sexan razoables, proporcionadas e non contraveñan o disposto nas bases da convocatoria.

No presente caso, con anterioridade ao inicio do exercicio, deuse instrución expresa, clara e reiterada a todas as persoas aspirantes para que depositaran os seus teléfonos móbiles nun lugar habilitado ao efecto, co fin de garantir a igualdade, a transparencia e a seguridade do proceso, previndo calquera posible fraude ou perturbación.

O incumprimento da citada instrución, especialmente cando esta comunicouse de forma inequívoca e reiterada, pode ser considerado motivo suficiente para a expulsión da persoa aspirante, en tanto constitúe unha conduta desobediente que compromete os principios reitores do proceso selectivo, especialmente o de igualdade entre os participantes e a integridade da proba.

Quinto.- Ás probas presentáronse 87 candidatos, e é chamativo que só un non escoitara as instrucións do órgano de selección, o que evidencia unha falta de atención e dilixencia deste. O tribunal, ao repetir varias veces as mesmas instrucións – *como consta na acta* - asegurouse de que tódolos candidatos recibían a mesma información.

Polo tanto, queda acreditado que 86 candidatos escoitaron as instrucións e non tiveron no seu poder ningún dispositivo electrónico, e só o recorrente, un único candidato, alega que non escoitou nada; polo que non se aprecia na actuación do órgano de selección coacción, dolo, infracción das normas regulamentarias ou das bases de convocatoria, indefensión, arbitrariedade nin desviación de poder; debéndose, por tanto, partir dunha presunción iuris tantum de certeza e razoabilidade da súa actuación.

Admitir que o candidato seguise no proceso suporía colocalo nunha situación máis vantaxosa respecto ao resto dos aspirantes, o que contravendría os principios de igualdade, imparcialidade e seguridade xurídica no correcto funcionamento do proceso.

En consecuencia, a exclusión do candidato non só é unha medida lexítima, senón tamén necesaria para preservar a equidade, garantir a integridade do proceso selectivo e protexer os dereitos do resto de participantes.

Sexto- A tenencia dun dispositivo electrónico vulnera o principio de confidencialidade e segredo no desenvolvemento da proba porque, sendo a finalidade da proba avaliar a tolerancia ao traballo nun espazo confinado mediante un trazado que debía ser descoñecido para todos os opositores, a confidencialidade do percorrido da proba e a ausencia de filtracións é esencial.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 18 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

Ao adoptar aquela decisión o tribunal cualificador obrou en virtude da potestade de policía que ostenta, e que lle recoñece a Base nº 18 das xerais reguladoras da convocatoria. En base á devandita potestade, o tribunal cualificador ten facultade para asegurar a boa orde e desenvolvemento do procedemento, velando polo cumprimento das previsións da convocatoria, e mesmo con potestade indagatoria e represiva de quen conculque o principio de sá competitividade ou "xogo limpo", en palabras da xurisprudencia.

Séptimo.- Á vista do exposto, o órgano de selección acorda **DESESTIMAR O RECURSO DE ALZADA** interposto por D. Samuel Martinez Fernández con documento nº 250220645 con data 13/08/2025 no que solicita se admita o recurso e se revoque a decisión tomada con retroacción das actuacións ao momento no que se lle expulsou ou permitíndolle a realización dos exercicios para ser ubicado na posición que lle corresponde, xa que conforme a atribución da Base 18ª das xerais da convocatoria o órgano cualificador ostenta a potestade de autoorganización para garantir o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, resultando plenamente lexítimo que se impartan instrucións orais de carácter organizativo ou loxístico, sempre que sexan razoables, proporcionadas e non contraveñan o disposto nas bases da convocatoria. No presente caso, con anterioridade ao inicio do exercicio, deuse instrución expresa, clara e reiterada a todas as persoas aspirantes para que depositaran os seus teléfonos móbiles nun lugar habilitado ao efecto, co fin de garantir a igualdade, a transparencia e a seguridade do proceso, previndo calquera posible fraude ou perturbación, polo que o incumprimento da citada instrución, especialmente cando esta comunicouse de forma inequívoca e reiterada, pode ser considerado motivo suficiente para a expulsión da persoa aspirante, en tanto constitúe unha conduta desobediente que compromete os principios reitores do proceso selectivo, especialmente o de igualdade entre os participantes e a integridade da proba.

Oitava.- En consecuencia co anterior, o órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para a provisión en propiedade de vinte tres (23) prazas de bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021 e 2022 (BOE nº 223.14/09/2024) na súa reunión celebrada o día 17/12/2025 acordou por unanimidade remitir á Xunta de Goberno Local o anterior informe-proposta, co seu correspondente acordo, para o seu coñecemento e resolución.

Novena.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do recurso de alza presentado polo aspirante D. Samuel Martinez Fernández, documento nº 250220645, con data 13/08/2025 no que solicita se admita o recurso e se revoque a decisión tomada con retroacción das actuacións ao momento no que se lle expulsou ou permitíndolle a realización dos exercicios para ser ubicado na posición que lle corresponde, de conformidade coas bases que rexen o procedemento selectivo para a provisión en propiedade de vinte e tres (23) prazas de funcionario de carreira bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021 e 2022 (BOE nº 223.14/09/2024). Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

"ÚNICO: DESESTIMAR O RECURSO DE ALZADA interposto por D. Samuel Martinez Fernández o día 13/08/2025, documento nº 250220645, **no que solicita** se admita o recurso e se revoque a decisión tomada con retroacción das actuacións ao momento no que se lle expulsou ou permitíndolle a realización dos exercicios para ser ubicado na posición que lle corresponde, de conformidade coas bases que rexen o procedemento selectivo para a provisión

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2026 14:54	Páxina 19 de 90
2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026	CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

en propiedade de vinte e tres (23) prazas de funcionario de carreira bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021 e 2022 (BOE nº 223.14/09/2024). **polas razóns xurídicas expostas.-"**

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(26).-CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL DUN OFICIAL SEPULTUREIRO PARA O SERVIZO DE CEMITERIOS. EXPTE. 45313/220.

Visto o informe de fiscalización de data 12/01/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/12/2026, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A xefatura do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo coa conformidade da concelleira-delegada competente, presenta escrito manifestando a urxente necesidade de cobertura de praza vacante existente no Servizo de Cemiterios de Oficial sepultureiro/a (C2).

II.- Á vista da petición realizada, consta incoado o expediente administrativo 45313/220, pola concelleira delegada competente, dispoñendo a tramitación que resulte procedente conforme á normativa vixente.

III.- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025) e o vixente convenio coa XMU, procedeuse ao chamamento das persoas candidatas, co resultado de aceptación recollido na dilixencia de verificación de datos incorporada ao trámite 33 do expediente.

IV.- Consta igualmente informe técnico de estimación da cuatificación económica de data 17/12/2025, incorporado ao trámite 43 do expediente.

V.- Coa proposta de nomeamento realizada respéctase o límite da taxa de cobertura temporal por debaixo do 8% das prazas estruturais do Concello de Vigo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Contratación de persoal laboral temporal:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2026 14:54	Páxina 20 de 90
2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026	CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no artigo 7, establece que o persoal laboral ó servizo das Administracións Públicas se rexe, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do TREBEP que así o dispoñan.

A primeira cuestión que debe resaltarse é que o RD-lei 32/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo opta por unha regra xeral: O contrato de traballo debe ser prioritariamente fixo. Esta regra non se exceptiona no ámbito das Administracións Públicas, aínda que hai matizacións.

Tras o RD-lei 32/2021, solo hai, con carácter xeneral, dous tipos de contratos:

- O contrato temporal por circunstancias da produción, previsto no artigo 15.2 TRET (contrato por incremento ocasional u oscilacións de necesidades e o contrato para a atención de situacións ocasionais, previsibles e que teñan unha duración reducida e delimitada).
- O contrato por substitución de persoa traballadora, previsto no artigo 15.3 TRET (contrato de substitución dun traballador con reserva de posto de traballo e contrato de substitución para un proceso de cobertura dun posto de traballo).

Segundo a doutrina xurisprudencial emanada por noso Tribunal Supremo, o artigo 15.1 ET dispón que para entender que concorre a causa xustificativa da celebración de cada unha das modalidades de contrato temporal deberá especificarse con precisión no contrato a causa habilitante da contratación temporal, as circunstancias concretas que a xustifican e súa conexión coa duración prevista.

O RD-lei 32/2021 introduce tamén cambios na Lei de Infraccións e Sancións do Orden Social (LISOS), agravando as sancións por celebrar contratos temporais en fraude de ley.

Segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, as empresas –incluídas as administracións públicas– poderán realizar contratos de substitución para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para súa cobertura definitiva.

Así establece o dito apartado “*Podrán celebrarse contratos de duración determinada para la sustitución de una persona trabajadora con derecho a reserva de puesto de trabajo, siempre que se especifique en el contrato el nombre de la persona sustituida y la causa de la sustitución. En tal supuesto, la prestación de servicios podrá iniciarse antes de que se produzca la ausencia de la persona sustituida, coincidiendo en el desarrollo de las funciones el tiempo imprescindible para garantizar el desempeño adecuado del puesto y, como máximo, durante quince días.*

Asimismo, el contrato de sustitución podrá concertarse para completar la jornada reducida por otra persona trabajadora, cuando dicha reducción se ampare en causas legalmente establecidas o reguladas en el convenio colectivo y se especifique en el contrato el nombre de la persona sustituida y la causa de la sustitución.

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 21 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

El contrato de sustitución podrá ser también celebrado para la cobertura temporal de un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva mediante contrato fijo, sin que su duración pueda ser en este caso superior a tres meses, o el plazo inferior recogido en convenio colectivo, ni pueda celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.

O contrato de substitución ten a mesma finalidade do denominado ata o RD-lei 32/2021 “contrato de interinidade”. Legalmente se prevén dúas posibilidades, o contrato de substitución dun traballador con reserva de posto de traballo e o contrato de substitución para un proceso de cobertura dun posto de traballo.

Na disposición adicional cuarta do RD-lei 32/2021 se habilita aos empregadores públicos a subscribir contratos de substitución para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que finalice o proceso de selección para súa cobertura definitiva, así “Igualmente se podrán suscribir contratos de sustitución para cubrir temporalmente un puesto de trabajo hasta que finalice el proceso de selección para su cobertura definitiva, de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad y en los términos establecidos en la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo público”. É importante comparar esta previsión co disposto na nova redacción do artigo 15.3 TRLET, que especifica que o contrato de substitución poderá ser tamén celebrado para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección. No Estatuto se fixa unha duración máxima para o contrato de substitución por cobertura de tres meses (ou menos, si así o indica o convenio colectivo), e sin que poda celebrarse un novo contrato co mesmo obxecto unha vez superada dicha duración máxima. No caso do sector público cabe interpretar que a disposición adicional cuarta introduce un suposto especial de este tipo de contrato de substitución, exclusivo de este sector, no que no aplica este límite máximo, que rexeiría solo para o privado. A redacción de ambos supostos é sutilmente diferente: no emprego público o contrato de substitución es lexítimo “hasta que finalice el proceso de selección para su cobertura definitiva”; no “durante el proceso de selección (...), sin que su duración pueda ser en este caso superior a tres meses”.

Este tipo de contratos está previsto para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que finalice o proceso de selección para súa cobertura definitiva. Non obstante, un quebro á cuestión aconteceu coa xurisprudencia do Tribunal Supremo a partir de xuño de 2020: **o contrato laboral en praza vacante, non podería exceder os tres anos, de tal forma que si elo acontecía –ou acontece no futuro- o traballador laboral se transforma en indefinido non fixo.**

A contratación, deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. O artigo 4 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada dispón que:

“1. El contrato de interinidad es el celebrado para sustituir a un trabajador de la empresa con derecho a la reserva del puesto de trabajo en virtud de norma, convenio colectivo o acuerdo individual.

El contrato de interinidad se podrá celebrar, asimismo, para cubrir temporalmente un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva.

2. El contrato de interinidad tendrá el siguiente régimen jurídico:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 22 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

a) *El contrato deberá identificar al trabajador sustituido y la causa de la sustitución, indicando si el puesto de trabajo a desempeñar será el del trabajador sustituido o el de otro trabajador de la empresa que pase a desempeñar el puesto de aquél.*

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, el contrato deberá identificar el puesto de trabajo cuya cobertura definitiva se producirá tras el proceso de selección externa o promoción interna.

b) *La duración del contrato de interinidad será la del tiempo que dure la ausencia del trabajador sustituido con derecho a la reserva del puesto de trabajo.*

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, la duración será la del tiempo que dure el proceso de selección o promoción para la cobertura definitiva del puesto, sin que pueda ser superior a tres meses, ni celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.

En los procesos de selección llevados a cabo por las Administraciones públicas para la provisión de puestos de trabajo, la duración de los contratos coincidirá con el tiempo que duren dichos procesos conforme a lo previsto en su normativa específica.”

O artigo 49.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores dispón que “***A la finalización del contrato, excepto en los contratos formativos y el contrato de duración determinada por causa de sustitución, la persona trabajadora tendrá derecho a recibir una indemnización de cuantía equivalente a la parte proporcional de la cantidad que resultaría de abonar doce días de salario por cada año de servicio, o la establecida, en su caso, en la normativa específica que sea de aplicación.***”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013, e no marco da Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, “*por la que se dictan instrucciones sobre jornada y horarios de trabajo del personal al servicio de la Administración General del Estado y sus organismos públicos.*”

II.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Consta no escrito asinado polo Xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, e conformado pola concelleira delegada competente solicitando a cobertura da vacante, así como a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente; procédese á contratación laboral temporal, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a praza de Oficial Sepultureiro/a incluída na OEP 2024 previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público, e en todo caso no prazo máximo de tres anos. Data máxima de finalización, o 29/12/2028.

III. - Proposta de gasto:

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 23 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Consta a cuantificación realizada no trámite 43 do expediente:

“Solicitado informe sobre cuantificación económica do custo que supón o nomeamento como persoal laboral temporal dun Oficial Sepultureiro/a no servizo de Cemiterios, informase

No ano 2026 os custes dun posto de Oficial Sepultureiro/a, co incremento do 1,5%, contemplado para o ano 2026 no Real Decreto-lei 14/2025, de 2 de decembro, serán:

<i>Retribucións Básicas:</i>	<i>10480,39€</i>
<i>Complemento de Destino:</i>	<i>6128,20€</i>
<i>Complemento Específico:</i>	<i>12226,57€</i>
<i>Estimacion Seguridade social:</i>	<i>11072,11 €</i>

IV. - Verificación das listas de reserva:

-Segundo a verificación recollida no trámite 33 do expediente administrativo

“(…) De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025), á vista dos datos proporcionados polo programa informático de xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento das/os candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:

*Oficial Sepultureiro, vacante OEP 2024: J. Coido Rico, con NIF ***5671***

V. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira da Área de Goberno Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, (resolución de Alcaldía de 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025)

PROPOSTA DE ACORDO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2026 14:54	Páxina 24 de 90
2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026	CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a contratación laboral temporal nas seguintes condicións:

- Categoría profesional: 1 Oficial sepultureiro (persoal laboral equiparable a C2 de titulación).
- Modalidade legal: Contrato de substitución para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección para súa cobertura definitiva en base ao 15.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, e o RD-lei 32/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Destino: Servizo de Cemiterios
- Período temporal: Ata a cobertura definitiva cun prazo máximo de 3 anos, momento en que finalizará o contrato sin dereito a indemnización. Data máxima de finalización, o 29/12/2028.
- Custe económico: Segundo informe técnico obrante no expediente:

-No ano 2026 os custes dun posto de Oficial Sepultureiro/a, co incremento do 1,5%, contemplado para o ano 2026 no Real Decreto-lei 14/2025, de 2 de decembro, serán:

Retribucións Básicas:	10480,39€
Complemento de Destino:	6128,20€
Complemento Específico:	12226,57€
Estimación Seguridade social:	11072,11 €

Todo elo, consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Contratar na modalidade e condicións establecidas no apartado primeiro, e con cargo á praza vacantes de oficiais sepultureiro/a incluída nas OEP 2024 a:

J. Coido Rico, con NIF *5671****

TERCEIRO: Dispoñer que aos interesados se lles formalizará contrato laboral-temporal de substitución para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección, ao abeiro do disposto nos artigos 15.1.c), do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98, debendo subscribilo seu contrato laboral-temporal no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación do presente acordo e, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 205-Oficial Sepultureiro, vacantes na Relación de Postos de traballo vixente na actualidade e, sendo adscritos ao Servizo de Cemiterios, extinguíndose

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2026 14:54	Páxina 25 de 90
2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026	CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a praza de Oficial Sepultureiro/a incluída na OEP 2024 previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público, e en todo caso no prazo máximo de tres anos. Data máxima de finalización, o 29/12/2028.

CUARTO: A xornada laboral dos traballadores contratados desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013, e no marco da Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, *“por la que se dictan instrucciones sobre jornada y horarios de trabajo del personal al servicio de la Administración General del Estado y sus organismos públicos.”*

QUINTO: Notificar o presente acordo á persoa interesada, a Xefatura do Servizo de Medio Ambiente e ao persoal técnico e de inspección da Área de Recursos Humanos e Formación

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(27).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO NA CATEGORÍA DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, CON CARGO A VACANTE DA OEP 2023, PARA O SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 45466/220.

Visto o informe de fiscalización de data 07/01/2026, sométese a aprobación o informe-proposta e data 30/12/2026, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.-Consta incoado expediente para nomeamento de persoal interino no servizo de Montes, Parques e Xardíns, coas urxencia e necesidades acreditadas, concretamente para chamamento de 1 auxiliar administrativo (C2) con cargo a vacante existente conforme ao artigo 10.1 a) do TREBEP (expediente 45466-220).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 26 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

II.- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025) e o vixente convenio coa XMU, procedeuse ao chamamento das persoas candidatas, co resultado de aceptación recollido na dilixencia de verificación de datos incorporada ao trámite 51 do expediente.

III.- Consta igualmente informe técnico de estimación da cuatificación económica de data 17/12/2025, incorporado ao trámite 57 do expediente.

IV.- Coa proposta de nomeamento realizada respéctase o límite da taxa de cobertura temporal por debaixo do 8% das prazas estruturais do Concello de Vigo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2026 14:54	Páxina 27 de 90
2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026	CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa *la cobertura de vacante* (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que “*los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.*”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma. No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os criterios de xestión de listas de reserva, e ao abeiro do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2026 14:54	Páxina 28 de 90
2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026	CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo.

Consta incorporada a verificación dos chamamentos realizados no presente procedemento (trámite 51 do expediente) conforme aos vixentes criterios co seguinte resultado:

(...)

De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025) e o vixente convenio coa XMU, procede o chamamento das/os candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:

*Auxiliar admin., vacante OEP 2023: L. GONZÁLEZ MARTÍNEZ con DNI ***6339***

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Proposta de gasto:

Consta informe técnico de data 17/12/2025 sobre a cuantificación económica que recolle o seguinte:

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 29 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

“Solicitado informe sobre cuantificación económica do custo que supón o nomeamento como persoal interino dun Auxiliar administrativo no servizo de Montes Parques e Xardíns, informase

No ano 2026 os custes dun posto de Auxiliar Administrativo, co incremento do 1,5%, contemplado para o ano 2026 no Real Decreto-lei 14/2025, de 2 de decembro, serán:

Retribucións Básicas:	10480,39€
Complemento de Destino:	6128,20€
Complemento Específico:	11151,44 €
Estimación Seguridade social:	11072,13 €
<i>O cal se traslada aos efectos oportunos.”</i>	

VI.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

Consta informe favorable de fiscalización do gasto de data 12/05/2025.

VII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 30 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Excm. Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025.

PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario/a interino/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: Auxiliar administrativo (C2)
- Modalidade legal: persoal funcionario interino con cargo a praza vacante (OEP 2023)(artigo 10.1, letra a) do TREBEP).
- Destino: Servizo de Montes, Parques e Xardíns
- Período temporal: ata a cobertura do posto - letra a) do artigo 10.1 do TREBEP-, sen que, en ningún, caso a duración poida superar o período de tres anos de duración.
- Custe económico:

-No ano 2026 os custes dun posto de Auxiliar Administrativo, co incremento do 1,5%, contemplado para o ano 2026 no Real Decreto-lei 14/2025, de 2 de decembro, serán:

- | | |
|---------------------------------|--------------|
| • Retribucións Básicas: | • 10480,39€ |
| • Complemento de Destino: | • 6128,20€ |
| • Complemento Específico: | • 11151,44 € |
| • Estimación Seguridade social: | • 11072,13 € |

-consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear en réxime de persoal funcionario interino, na categoría de Auxiliar administrativo (C2) con cargo a vacante da OEP 2023, e nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

- L. GONZÁLEZ MARTÍNEZ con DNI ***6339**
Todo de conformidade cos vixentes criterios de xestión das listas de reserva, (BOPPO núm. 179, 19/09/2025) e o vixente convenio coa XMU á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica e pola Xerencia Municipal de Urbanismo.

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 31 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

CUARTO: Notificar o presente acordo á persoa interesada, ao servizo de Montes, Parques e Xardíns, inspección de persoal, á Xunta de persoal e persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(28).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA LISTA DE RESERVA, DERIVADA DA EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) DE ESTABILIZACIÓN: PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL FIXO. EXPTE. 47840/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/01/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- Con data 23/12/2022, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases xerais que regulan as convocatorias de diversos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo que se convocan polos sistema de concurso e os convocados por concurso oposición.

II.- As prazas vacantes que se convocan, previstas na oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal, aprobada por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de setembro de 2022 e que constan publicadas no BOP de Pontevedra nº 183 do 23 de setembro de 2022, que son as seguintes:

Sistema de concurso



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 32 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO DE VIGO**

Expte.2015/1102

Denominación	Grupo	Tipo de vínculo xurídico	Número de prazas	Sistema Selectivo
TÉCNICO/A DEPARTAMENTO MÚSICA TRADICIONAL - EMAO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
DIRECTOR/A DE RÉXIME INTERIOR - ZOO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
VETERINARIO/A - ZOO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
LICENCIADO/A DEREITO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
LICENCIADO/A CIENCIAS DO TRABALLO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
LICENCIADO/A PSICOLOXIA	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A SUPERIOR - DIRECTOR/A (LICENCIADO FILOSOFIA, CIENCIAS EDUCACION E PEDAGOXIA)	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A SUPERIOR-COORDINADOR/A PLAN EMPREGO MUNICIPAL (ENXEÑEIRA)	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL	A2	Funcionario/a de carreira	7	CONCURSO
DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TÉCNICO/A MEDIO BIBLIOTECA	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A MEDIO DE ARQUIVO	A2	Funcionario/a de carreira	1	CONCURSO
TECNICO/A MEDIO RESPONSABLE OBRAS PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO (ARQUITECTO TÉCNICO EN EXECUCIÓN DE OBRAS)	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A MEDIO-ADMINISTRADORA PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 33 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

(LICENCIADO/A EN C.ECONOMICAS EMPRESARIAIS)				
TÉCNICO/A MEDIO- TITOR/A PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A MEDIO – DIPLOMADO/A EDUCACION SOCIAL	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A MEDIO	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
No pasado exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Laxeiro xestionouse a través dunha transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2025 por importe de 95.000,00 €, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 17 de xaneiro de 2025 (expte 3855/341). Esta fórmula de financiamento substituíu á de subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2015, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor a partir de 2016.

Dos anteriores informes do Servizo de Fiscalización, fundamentados con amplitude en moi diversas normas legais de aplicación, extraíanse as seguintes referencias que serían aplicables ao exercicio económico de 2026:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2 m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2.n), actividades culturais, da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.
- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións definidas na Lei de Fundacións.
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que deben servir de referencia respecto ao ámbito local.
- A Fundación Laxeiro é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.
- A Fundación Laxeiro reúne as circunstancias necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que en 2025 ten previsto financiarse nun 72,08% polo Concello de Vigo, nun 12,01% pola Xunta de Galicia e nun 7,21% pola Deputación de Pontevedra; ademais que o Concello e as outras administracións posúen a práctica totalidade dos membros dos seus órganos de goberno e representación.

As conclusións principais sobre os informes da Intervención Xeral de 2016 a 2025, tamén aplicables a 2026, son:

- A achega que realiza o Concello de Vigo á Fundación Laxeiro é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 75 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da Fundación Laxeiro debe realizarse pola Intervención Xeral.
- Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo coa Lei 19/2013.

O Secretario da Administración municipal, no seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación Laxeiro daquel exercicio, realiza a seguinte formulación que se considera extrapolable a outros casos de financiamento incluídos no programa presupostario 3330 (Fundación Liste e Fundación Marco): “podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas correspondentes bases de execución deses orzamentos coa normativa á que deberá suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral”.

As bases de execución do presuposto non establecen ningunha normativa á que deba suxeitarse as transferencias de financiamento, si ben a capacidade fiscalizadora, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral. Como a Fundación Laxeiro non formula na súa solicitude ningunha proposta de calendario de pagamentos das transferencias, considérase adecuado por analoxía o que establece instrución do 21 de xuño de 2019 do Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario xunto co Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda para as fundacións que forman parte do perímetro de consolidación do Grupo do Concello de Vigo (expediente 104/143): Unha primeira achega antes do 10 de xaneiro de 2026, neste caso tralo acordo Xunta de Goberno Local, unha segunda achega antes do 10 de abril de 2026, unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2026, e unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2026.

FUNDACIÓN LAXEIRO.-

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión realizada o 2 de marzo de 1998, acordou aprobar o convenio subscrito o 23 de febreiro daquel ano entre o Alcalde de Vigo e a familia Laxeiro (María Cruz Otero Villamarín, filla do pintor e a súa herdeira universal e os dous fillos desta). Nese convenio acórdase, entre outras cousas, o seguinte:

- *O Concello de Vigo e a familia Laxeiro* comprométense e obríganse a constituír a Fundación Laxeiro, que terá como obxecto o de promocionar, fomentar, divulgar,... a obra artística e cultural do pintor Laxeiro; os dereitos de calquera natureza relacionados con esa obra; a instalación en Vigo dun museo que reúna monograficamente a obra de Laxeiro.
- “As obras do pintor Laxeiro, propiedade do Concello de Vigo, cederanse en depósito á Fundación para o seu uso, difusión e exposición. Así mesmo o Concello de Vigo cederá á Fundación a xestión dos dereitos de autor para a súa mellor explotación por esta” (acordo SEXTO).
- *A Fundación obrígase ás súas expensas a coidar, manter e restaurar as obras depositadas*, así como a xestionar e explotar e defender con toda dilixencia os dereitos de autor, cuxa xestión cede a este fin o Concello de Vigo.
- O Pleno do Concello de Vigo, na sesión realizada o día 26 de xuño de 1998, acordou aprobar a constitución e estatutos da Fundación Laxeiro, que se pretende de “interese galego e natureza cultural”. “A Fundación Laxeiro terá personalidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2026 14:54	Páxina 76 de 90
2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026	CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

xurídica propia e plena capacidade xurídica e de obrar” e no seu Padroado figuran 5 patróns representantes do Concello de Vigo (ademais de representantes da familia Laxeiro, do Concello de Lalín, da Deputación Provincial de Pontevedra, da Xunta de Galicia e outros).

Os Estatutos da Fundación Laxeiro establecen no seu artigo 6º a seguinte composición do Padroado:

- “De tres a cinco membros representantes do Concello de Vigo e designados por esta Corporación;*
- De tres a cinco membros designados por Dª María Cruz Otero Villamarín e no seu defecto polos seus fillos, don Heriberto e don Carlos García-Suárez Otero, e os seu descendentes directos;*
- Un membro representante do Concello de Lalín, designado por esta Corporación;*
- Un membro representante da Xunta de Galicia, designado por esta Institución;*
- Un membro representante da Deputación Provincial de Pontevedra, designado por esta institución;*
- Unha persoa designada conxuntamente polos dous grupos de membros a) e b) con presenza importante en Madrid relacionado co mundo da cultura e coas institucións do Estado Español.*
- Unha persoa designada conxuntamente polos membros dos grupos a) e b) con presenza importante en Bruxelas e relacionada coas institucións europeas e o mundo da cultura; e*
- Unha persoa designada conxuntamente polos membros dos grupos a) e b) con presenza importante en Bos Aires (Arxentina) e relacionada coas institucións galegas e españolas e o mundo da cultura”.*

Composición actual do Padroado da Fundación Laxeiro

Presidente.- O Alcalde de Vigo, Abel Caballero Álvarez (artigo 8º dos Estatutos).

Vicepresidenta.- D.ª Paula García-Suárez Fernández Vicepresidenta 2ª (Grupo B) en Nome de D.ª Mari Cruz Otero Villamarín VicePresidenta (Grupo B). Nomeamento acta constitución 18/02/2021.

Secretario.- Carlos García-Suárez Otero (grupo b). Nomeamento: acta constitución 23/02/1999

Vogais.-

Grupo a) (Concello de Vigo).- Segundo se indica no artigo 6.a) dos seu Estatutos, serán o Concelleiro-Delegado de Cultura, D. Gorka Gómez Díaz, D. Antón Castro Fernández, D. Antón Pulido Novoa e D. Cayetano Rodríguez Escudero, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo de 2023 e como consecuencia da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio de 2023.

Grupo b) (Familia Laxeiro: 3).- Miguel Domenech Martínez, Heriberto García-Suárez Otero, José M. Barreiro Gómez.

Representante do Concello de Lalín.- D. José Crespo Iglesias. Acordo do Pleno do Concello de Lalín do 28/06/19 ; Suplente: Dna. Begoña Blanco Blanco.

Representante da Xunta de Galicia.- Anxo Manuel Lorenzo Suárez (por compadecencia ante o Protectorado 19/09/18. José Carlos López Campos (11/12/2024).

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 77 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Representante da Deputación Provincial de Pontevedra.- D^a Luisa Sánchez Méndez, según nomeamento acordado no pleno extraordinario do 2 de abril de 2024.

Vogal, presenza en Madrid.- Guillermo Martínez Castro.

Vogal, presenza en Bruxelas.- D. David Regades en substitución de D. Francisco Xavier Vázquez Álvarez, como patrono con contactos en Bruxelas.

Vogal, presenza en Bos Aires.- D. Carlos A. González Príncipe. Acordo do Padroado do 21 de febreiro de 2003.

Declaración de interese cultural e interese galego.

O 23 de febreiro de 1999 quedou constituída a Fundación Laxeiro, en escritura pública, que está clasificada de INTERESE CULTURAL por Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 3 de agosto de 1999 (DOG nº 160, do 19 de agosto) e declarada de INTERESE GALEGO por Orde da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 18 de outubro de 1999 (DOG nº 217, do 10 de novembro, figurando inscrita co número 1999/22 no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego. O 23 de febreiro de 2000 realizouse a primeira xuntanza do Padroado da Fundación Laxeiro, na Casa das Artes.

SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO.-

A Fundación Laxeiro ten achegado a seguinte documentación para a transferencia de financiamento para funcionamento do exercicio 2026:

- Solicitud de transferencia de financiamento do Concello de Vigo por importe de 120.000,00 € presentada no Rexistro Xeral do 2 de decembro de 2025.
- Programa de actividades e Presupostos da Fundación Laxeiro para o ano 2026, aprobado na sesión do Padroado de 10 de novembro de 2025.

Certificacións e declaracións.- No expediente inclúense copias vixentes das seguintes, que aporta a Fundación Laxeiro:

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- Certificación da Axencia Tributaria de Galicia-Consellería de Facenda de non ter débedas pendentes en período executivo non aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.
- A Certificación do Concello de Vigo de non ter débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello na vía de constrinximento foi solicitada polo Servizo de Museos a Tesourería e xa figura no expediente.

ORZAMENTO 2026 DA FUNDACIÓN LAXEIRO.-

Na documentación achegada pola Fundación Laxeiro inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2026, aprobada en reunión do seu Padroado do 10 de novembro de 2025, que ascende a un total de 166.478,00 €.

Gastos.- A distribución dos gastos establécese nos seguintes grupos:

- Persoal: 121.600,00 € (73,04%)
- Gastos administración 7.400,00 € (4,45%)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2026 14:54	Páxina 78 de 90
2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026	CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

- Gastos programación exposicións: 31.478,00 € (18,91%)
- Gastos investigación/outros: 6.000,00 € (3,60%)
- (investigación, divulgación,)
-
- Ingresos.- A previsión de ingresos provén de:
- Achega do Concello de Vigo: 120.000,00 € (72,08 %)
- Xunta de Galicia: 20.000,00 € (12,01%)
- Deputación P. Pontevedra: 12.000,00 € (7,21%)
- Autofinanciamento (doazóns, vendas, outros): 12.000,00 € (7,21%)
- Excedente: 2.478 € (1,49%)

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN LAXEIRO.

Ata 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á Fundación Laxeiro víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia a través do propio acordo de concesión, que establecía a regulación das condicións e obrigas. Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

Á vista do exposto, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e do concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, previos os informes xurídico e da Intervención Municipal, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-

1.- Transferir á Fundación Laxeiro, CIF: G36852358, un importe de **120.000,00 €** (cento vinte mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao **ano 2026**, de acordo co seguinte calendario:

- ◆ Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 30.000,00 € (25% do importe concedido).
- ◆ *Unha segunda achega antes do 10 de abril de 2026*, por importe de 30.000,00 € (25% do importe concedido).
- ◆ *Unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2026*, por importe de 30.000,00 € (25% do importe concedido).
- ◆ *Unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2026, por importe de 30.000,00 €* (25% do importe concedido).

2.- A transferencia de financiamento pode financiarse con cargo á partida 3330.489.00.01 "Fundación Laxeiro", que figura no orzamento de 2026 do Concello de Vigo.

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 79 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente a través dos servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

SEGUNDO.-

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 20 de xuño de 2023 e 25 de setembro de 2025 establece na concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, entre outras, a seguinte: “e) en materia de museos: (...) 4. Relacións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo Fundación”.

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Laxeiro, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da utilización parcial da Casa das Artes, establécense as seguintes normas e compromisos da Fundación Laxeiro.

PRIMEIRA.-

As liñas xerais do programa da Fundación Laxeiro consistirán, basicamente, no desenvolvemento de exposicións temporais, xestión da exposición permanente, investigación, divulgación, conservación e restauración C. Permanente..., así como calquera outra actividade derivada da finalidade da Fundación Laxeiro prevista nos seus estatutos; detalladas no programa aprobado polo Padroado da Fundación Laxeiro na súa sesión do 10 de novembro de 2025.

SEGUNDA.-

O presuposto xeral da Fundación Laxeiro, aprobado polo seu Padroado con data 10 de novembro de 2025 ascende a 166.478,00 €, que a Fundación Laxeiro financiará do seguinte xeito:

- Achega do Concello de Vigo: 120.000,00 € (72,08 %)
- Xunta de Galicia: 20.000,00 € (12,01%)
- Deputación P. Pontevedra: 12.000,00 € (7,21%)
- Autofinanciamento (doazóns, vendas, outros): 12.000,00 € (7,21%)
- Excedente: 2.478 € (1,49%)

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN LAXEIRO.

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio económico.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola Fundación Laxeiro, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 80 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación Laxeiro, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da Fundación Laxeiro e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa Fundación Laxeiro é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a Fundación Laxeiro informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A Fundación Laxeiro adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada de Cultura.

A Fundación Laxeiro asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo á Fundación Laxeiro, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada de Cultura a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias á Fundación Laxeiro, aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada de Cultura.

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 81 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A Fundación Laxeiro comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa financiado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, para que os elementos sexan financiáveis.

SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN LAXEIRO.

A Fundación Laxeiro achegará á concellería-delegada de Cultura do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN LAXEIRO.-

- a) Informe trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da Fundación Laxeiro, que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do período do informe.
- b) Relación de ingresos e gastos do período trimestral correspondente, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da Fundación Laxeiro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á Fundación Laxeiro, achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.
- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Laxeiro
- e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado de Cultura, con antelación á súa realización.
- f) Gastos de persoal, xustificandos cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).
- g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Laxeiro de cada exercicio, a presentar no mes de decembro, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
 - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2026 14:54	Páxina 82 de 90
2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026	CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

- Memoria de prensa.
- Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A Fundación Laxeiro deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da transferencia.

A Fundación Laxeiro deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras transferencias, subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza.

OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación Laxeiro de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 83 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

14(33).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DA ÁREA DE GOBERNO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O CALENDARIO DO CONTRIBUÍNTE PARA O ANO 2026. EXPTE. 17683/703.

Dáse conta da Resolución do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, de data 19/12/2025, que di o seguinte:

RESOLUCIÓN.

Visto o informe que antecede, en exercizo das atribucións exercidas por delegación do Sr. Alcalde de data 20 de xuño de 2023,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Fixar como datas de comezo e final de cobranza, en período voluntario, dos padróns de tributos de cobro periódico e notificación colectiva correspondentes ó exercicio 2026 (calendario do contribuínte para o ano 2026), así como as datas para o cargo en conta dos recibos domiciliados nas entidades financeiras, as seguintes:

- **PRIMEIRO SEMESTRE:**

- Imposto vehículos de tracción mecánica (IVTM).

Data de comezo do período voluntario: 1 de abril de 2026.
Data de finalización do período voluntario: 1 de junio de 2026.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 1 de junio de 2026.
Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 9 de marzo de 2026.

SEGUNDO SEMESTRE:

- Taxa pola recollida do lixo nas vivendas.

Data de comezo do período voluntario: 1 de xullo de 2026.
Data de finalización do período voluntario: 31 de agosto de 2026.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 31 de agosto de 2026.
Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 8 de xuño de 2026

- Exaccións unificadas industriais (Lixo industrial).

Data de comezo do período voluntario: 31 de xullo de 2026.
Data de finalización do período voluntario: 30 de setembro de 2026.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 30 de setembro de 2026.
Data fin de ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 24 de xuño de 2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 84 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

- Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana (IBI URBANA).

Data de comenzo do período voluntario: 1 de setembro de 2026.
Data de finalización do período voluntario: 2 de novembro de 2026.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 2 de novembro de 2026.
Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 10 de agosto de 2026

- Imposto sobre bens inmobles de natureza rústica (IBI RÚSTICA).

Data de comenzo do período voluntario: 1 de setembro de 2026.
Data de finalización do período voluntario: 2 de novembro de 2026.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 2 de novembro de 2026.
Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 10 de agosto de 2026

- Imposto sobre bens inmobles de características especiais (BICES).

Data de comenzo do período voluntario: 1 de setembro de 2026.
Data de finalización do período voluntario: 2 de novembro de 2026.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 2 de novembro de 2026.
Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 10 de agosto de 2026

- Imposto sobre actividades económicas (IAE).

Data de comenzo do período voluntario: 1 de setembro de 2026.
Data de finalización do período voluntario: 2 de novembro de 2026.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 2 de novembro de 2026.
Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 10 de agosto de 2026

- **SISTEMA ESPECIAL DE PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES:**

Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no primeiro prazo: 9 de maio de 2026.

Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no segundo prazo: 11 de agosto de 2026.

SEGUNDO. Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local.

TERCEIRO. Publicar o calendario do contribuínte no BOP de Pontevedra e no Taboleiro de anuncios do Concello, así como na páxina web municipal.

ACORDO

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 85 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A Xunta de Goberno local queda informada.

15(34).- MODIFICACIÓN TEMPORAL DO RÉXIME DE DESCANSO DOS TAXIS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 5444/449.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/01/2026, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Por acordo plenario de data 6 de setembro de 2010 aprobouse a disposición complementaria para a regulación de quendas de descanso no sector do taxi fixándose o descanso de 92 taxis por día de forma rotatoria de luns a domingo de 00:00 a 24:00 horas por un período de proba de tres meses. A adopción de dita medida foi provocada pola situación de crise e diminución de traballo do sector.

Por acordo plenario de data 31 de xaneiro de 2011 foi aprobada a prorroga do descanso obrigatorio dos taxis da cidade, aprobado inicialmente por un período de tres meses e nas mesmas condicións, acordo que se mantén en vigor até a data.

SOLICITUDES :

Na data 9 de xaneiro de 2026 D. Emilio Mosquera Rodríguez, como Presidente da Xunta Directiva da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AUTOPATRONOS DEL TAXI DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (C.I.F. G-36636637), e en representación da mesma, expón:

Que es responsabilidad de nuestro colectivo garantizar una adecuada prestación del servicio de taxi en cuanto a eficiencia y calidad.

Que en vista del inminente fin de la prórroga en la suspensión del descanso, las dos asociaciones representativas del taxi en Vigo (Asociación Autopatronos y Élite Taxi) convocamos una votación sectorial para que el colectivo opinase que hacer cara al futuro.

Que estamos viviendo una situación complicada por la entrada de Uber en Vigo, realizando servicios urbanos sin estar en posesión de la autorización necesaria, y que provoca que el taxi, más que nunca, deba estar atento a prestar el mejor servicio posible a sus clientes.

Como es evidente, la adopción de esta medida no supone ninguna merma ni vulnera el derecho al descanso legal de los trabajadores, pues no es una obligación de trabajar sino simplemente la posibilidad de hacerlo, dejando a la decisión de cada uno los días y horas en que quiere descansar y siempre cumpliendo el Estatuto de los trabajadores y el Convenio Regulador del sector.

La votación ha tenido una participación de 316 titulares de licencia de taxi y con los siguientes resultados:

Votos emitidos: 316

1. Votos a favor de seguir en la situación actual, con el descanso suspendido : 246



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/01/2026 14:54	Páxina 86 de 90
2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026	CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

2. Votos a favor de retomar el descanso obligatorio: 60

3. Votos nulos: 9

4. Votos en blanco: 1

El último párrafo del artículo 39 de la Ordenanza Municipal establece que “ Cando concorran situacións excepcionais que impliquen una importante diminución o incremento da demanda perfectamente xustificada e provisional no tempo, que poida afectar as condicións de prestación do servizo en relación coa rendibilidade do mesmo, e que non se trate dunha proposta que de lugar a unha modificación permanente do sistema de descansos, pode estudarse unha modificación provisional do réxime de descanso. A proposta pode ser a solicitude das asociacións representativas do sector acreditando o apoio a iniciativa dunha maioría absoluta das licenzas de taxis existentes.

”Por tal motivo, y a fin de intentar equilibrar la oferta y demanda de servicio, proponemos que con carácter provisional se prorrogue durante un año natural la suspensión del descanso obligatorio, siempre con el compromiso de que si hubiera circunstancias que modifiquen la situación actual podamos sentarnos y tratar sobre ellas, al tiempo que antes de la finalización de este período de suspensión provisional valoraremos el resultado de la medida y se decidirá sobre el régimen más conveniente para los siguientes meses.

INFORME :

Nos últimos anos e dende a pandemia produxéronse importantes variacións en relación coa demanda do servizo de taxis na cidade, pasando dunha escasa demanda durante os anos 2020 e 2021, a un incremento importante da demanda durante os anos 2022, 2023, 2024 e o ano 2025.

Durante as festas de Nadal 2022 foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso até o 15 de xaneiro en horario nocturno

Durante a celebración do Marisquiño foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso durante as 24 horas dos días 10, 11,12, e 13 de agosto de 2023, ao obxecto de poder satisfacer o previsible incremento da demanda nas mencionadas datas e a fin de manter a calidade do servizo de taxis.

E, así mesmo foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso no horario comprendido entre as 22:00 e as 08:00 horas, no período comprendido entre o 1 de xullo e até o 3 de setembro de 2023 incluído, ao obxecto de poder satisfacerse o previsible incremento da demanda existente, e manter a calidade do servizo de taxis.

Durante a celebración da feira Conxemar no ano 2023, foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso, durante as 24 horas dos días 2 ao 6 de outubro de 2023, solicitada a fin da poder garantir a demanda de servizo derivada da celebración da citada feira.

Durante a celebración das festas do Nadal 2023, foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso no horario comprendido entre as 22:00 e as 08:00 horas, até o

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 87 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

14 de xaneiro de 2024 incluído, ao obxecto de poder satisfacer o previsible incremento da demanda existente, e manter a calidade do servizo de taxis.

Na data 26 de xaneiro de 2024 foi autorizada a suspensión con carácter parcial, do réxime de descanso obrigatorio dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, no horario comprendido entre as 22:00 e as 09:00 horas, e en tanto se mantiveran as circunstancias de demanda actuais, a fin de manter a calidade do servizo de taxis.

Na data 19 de xullo de 2024 foi autorizada a suspensión con carácter parcial e temporal do réxime de descanso obrigatorio dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, no horario comprendido entre as 09:00 horas e as 22:00 durante os días 8,9,10 e 11 de agosto de 2024, a fin de manter a calidade do servizo de taxis, durante a celebración do Marisquiño 2024.

Na data 27 de setembro de 2024 foi autorizada a modificación con carácter temporal, do réxime de descanso dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, durante os días 1,2, e 3 de outubro de 2024 en horario de 9:00 a 22:00, permitindo a prestación do servizo durante os mencionados días e horarios a tódolos taxis da cidade, a fin da poder garantir a demanda de servizo derivada da celebración na cidade durante as citadas datas da feira CONXEMAR .

Na data 4 de xullo de 2025 foi autorizada a modificación con carácter temporal do réxime de descanso dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, dende o día 7 de xullo de 2025 ate o día 11 de xaneiro de 2026 no horario diúrno dende as 9:00 horas até as 22:00 solicitada pola maioría dos titulares das licenzas de taxi da cidade mediante a votación realizada os días 23 e 24 de xuño convocada pola Asociación provincial de autopatronos del taxi da la provincia de Pontevedra, permitindo a prestación do servizo durante os mencionados días e horarios a tódolos taxis da cidade, a fin da poder garantir a satisfacción do incremento da demanda que se produce na cidade durante as citadas datas.

Durante todos estes períodos de modificación da obrigatoriedade do descanso, non se aprecia exceso de oferta en ningún caso.

A solicitude de prorroga da modificación temporal do descanso obrigatorio no horario diúrno dende as 9:00 horas até as 22:00 aprobada de v por acordo plenario de data 4 de xullo de 2025, é solicitada na data 9 de xaneiro de 2026 pola maioría dos titulares das licenzas de taxi da cidade mediante a votación realizada na data 8 de xaneiro de 2026 convocada polas dos asociacións representativas do taxi en Vigo (Asociación Autopatronos do taxi da provincia de Pontevedra e Élite Taxi durante un período dun ano natural a fin de poder garantir a satisfacción da demanda, e evitar as queixas sobre a calidade do servizo.

Ante o previsible mantemento do incremento da demanda, o Concello ten a obriga de garantir a cantidade e calidade do servizo de taxi, polo que se considera que procede adoptar medidas por parte do servizo de transportes, a fin de garantir que durante as 24 horas do día o servizo sexa suficiente para satisfacer a demanda, e evitar que esta sexa superior á oferta, cos prexuízos que poderían derivarse para os usuarios de transporte publico da cidade.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 88 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2015/1102

Debe considerarse en primeiro lugar que a modificación proposta foi votada na data 8 de xaneiro de 2026 por un número de titulares de licenzas de taxi que supera a maioría absoluta dos mesmos (246 votos a favor dos 316 votos emitidos, dun total de 546 licencias.)

En canto ao período dun ano de modificación do réxime de descansos, debe terse en conta que na actualidade produciuse un incremento da demanda dos servizos de taxi durante todo a ano derivada entre outros motivos dun importante aumento do turismo, os festivais estivais e os concertos no parque de Castrelos que atraen a un elevado numero de asistentes, igual que a celebración do Marisquiño que no ultimo ano concentrou tódalas actividades e probas na praia de Samil, eventos que todos eles xeran a necesidade de contar cun servizo urbano de transporte en taxis suficiente para dar resposta a toda a demanda. A mesma necesidade de servizo xerase durante a celebración da feira de pesca Conxemar que atrae durante as datas de celebración a visitantes de todo o mundo, e a continuación dende mediados de novembro inicianse as festas de Nadal que como é sabido atrae a visitantes nos últimos anos de diverso países (especialmente España e Portugal) polo que o período solicitado de modificación do descanso durante un ano natural considerase correcto, así como o horario de 9:00 horas até as 22:00, xa que no horario nocturno o servizo xa esta liberado temporalmente.

Por outra banda, a modificación proposta, non afecta en ningún caso ao horario e réxime de descansos dos traballadores do sector do taxi , senón que referise unicamente a licencia.

Polo exposto, por parte de este servizo propónse informar favorablemente, ao amparo da regulación legal recollida no artigo 39 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, a proposta presentada pola Asociación provincial de autopatronos del taxi da la provincia de Pontevedra, na data 9 de xaneiro de 2026, na que se recolle a vontade da maioría do sector, e acordar manter a modificación temporal do réxime de descanso do servizo de taxi da cidade, dende a data de aprobación da presente proposta, previsiblemente o día 17 de xaneiro de 2026 e durante un ano natural ate o 16 de xaneiro de 2027 no horario diúrno dende as 9:00 horas até as 22:00 autorizando a prestación do servizo durante os mencionados días e horarios a tódolos taxis da cidade, a fin de poder satisfacer o incremento da demanda mediante un servizo de calidade, e de conformidade coa vontade manifestada polo titulares das licenzas de taxi da cidade.

RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN :

De conformidade co disposto no artigo 39 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada na data 9 de febreiro de 2015, e modificada nas datas 5 de setembro de 2018 e 30 de marzo de 2022: “Cando concorran situacións excepcionais que impliquen una importante diminución ou incremento da demanda perfectamente xustificada e provisional no tempo, que poida afectar as condicións de prestación do servizo en relación coa rendibilidade do mesmo, e que non se trate dunha proposta que de lugar a unha modificación permanente do sistema de descansos, pode estudarse unha modificación provisional do réxime de descanso. A proposta pode ser á solicitude das asociacións representativas do sector acreditando o apoio a iniciativa, dunha maioría absoluta das licenzas de taxi existentes.

S.ord. 16/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 89 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

De conformidade co disposto na vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi, no seu artigo 4 apartado b establece que:) a competencia para a aprobación das disposicións complementarias de prestación do servizo corresponde a Xunta de Goberno Local, polo que considerando que o descanso obrigatorio para o sector do taxi, foi aprobado por unha disposición complementaria da ordenanza reguladora do servizo, considerase que no presente caso, por tratarse dunha suspensión parcial e temporal dunha parte do contido da mesma, corresponde adoptar o Acordo ao mesmo órgano que ten a competencia para a súa aprobación .

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte :

ACORDO

Autorizar a modificación con carácter temporal do réxime de descanso dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, dende o día 17 de xaneiro de 2026 ate o día 16 de xaneiro de 2027 no horario diúrno dende as 9:00 horas até as 22:00 solicitada pola maioría dos titulares das licenzas de taxi da cidade mediante a votación realizada o día 8 de xaneiro de 2026 convocada pola Asociación provincial de autopatronos del taxi da la provincia de Pontevedra e Elitetaxi Vigo permitindo a prestación do servizo durante os mencionados días e horarios a tódolos taxis da cidade, a fin da poder garantir a satisfacción do incremento da demanda do servizo existente na cidade de Vigo.

A modificación proposta, non afecta en ningún caso o réxime de descansos dos traballadores do sector do taxi, senón que referise unicamente a licencia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(35).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/01/2026 14:54

Páxina 90 de 90

2015-1102 Aprobado por XGL 23/01/2026

CSV: A6B6A5-AAAE8D-DCD2B4-Z5DH9Y-WLYH2H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>